Ilmo Concello de
CAMBADOS

# ACORDO DE GOBERNO PARA ESTABLECER BENEFICIOS FISCAIS DE IGUALDADE SOCIAL, POLÍTICAS AMBIENTAIS, IMPULSO DA PROMOCIÓN ECONOMICA E CREACIÓN DO EMPREGO

Xurxo Charlín Trigo, con DNI 76.862.042-K, concelleiro do Ilmo. Concello de Cambados, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación este ACORDO DE GOBERNO, en base á seguinte

**Exposición de motivos:**

O establecemento de beneficios fiscais nas distintas figuras impositivas que integran calquera sistema tributario hai que valoralo con minuciosidade por un dobre motivo. En primeiro lugar, porque o custo de tales incentivos fiscais pode poñer en risco o cumprimento do principio de suficiencia financeira que, como é sabido, constitúe a principal finalidade de calquera sistema tributario. De feito, o TC na súa sentenza nº 233/1999, do 16 de decembro, ao razoar sobre a constitucionalidade da norma que permite a cada Concello modular o tipo aplicable nos impostos municipais, xa nos recordaba a vixencia deste principio. "*La fijación de un tipo de gravamen mínimo con autorización para su elevación hasta un límite dependiendo de la población de derecho de cada municipio es una técnica al servicio de la autonomía de los municipios que, a la par que se concilia perfectamente con el principio de reserva de Ley, sirve al principio, igualmente reconocido en la CE. de suficiencia, dado que, garantizando un mínimo de recaudación, posibilita a los municipios aumentar ésta en función de sus necesidades*".

En segundo lugar, porque todo beneficio fiscal implica, de entrada, unha creba do principio, tamén recoñecido na Constitución, de xeneralidade. Se o artigo 33.1 CE comeza dicindo "*Todos contribuirán...*" na medida en que se establecen incentivos fiscais, algúns, os afectados, estarán deixando de contribuír total ou parcialmente, exceptuando así o cumprimento do principio de xeneralidade. Tamén hai que considerar que o reparto final da carga tributaria entre os contribuíntes é froito moitas veces dunha composición de intereses entre diferentes forzas ou grupos de presión, o que motiva en ocasións que se acaben concedendo algunhas vantaxes fiscais que non están convenientemente xustificadas desde un punto de vista técnico ou de política sectorial. Desta realidade xa era consciente o noso lexislador constitucional, ata o punto de que

incorporou no artigo 134.2 da nosa Carta Magna a obrigación de consignar anualmente nos Orzamentos Xerais do Estado o importe dos beneficios fiscais que afectan aos tributos estatais. Con todo, non polo devandito hai que deixar de lado os incentivos fiscais que, ben utilizados, constitúen unha ferramenta eficaz ao servizo non só de conseguir un reparto máis xusto da carga tributaria entre os contribuíntes, senón para lograr tamén determinados obxectivos de política sectorial. Agora ben, haberá que concluír caso por caso seo incentivo está verdadeiramente xustificado, cal sexa o fin perseguido coa súa existencia, a eficacia do propio incentivo para alcanzar devandito fin e, para rematar, a sustentabilidade financeira do mesmo.

A Lei Reguladora das Facendas Locais establece a posibilidade de regular disintas bonificacións en cada un dos impostos municipais. No IBI establécese a posibilidade de prolongar no tempo a bonificación concedida, en principio, durante tres anos para as vivendas de protección oficial VPO; fixar unha bonificación para os monumentos declarados de interese cultural que, por estar afectos a unha actividade económica, non poidan considerarse exentos de tributar. Tamén permite bonificar aos inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por razóns sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego, os inmobles de características especiais, os pertencentes a familias numerosas e, finalmente, aqueles en os que se instalaron sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía procedente do sol.

No Imposto de Actividades Económicas, IAE pode bonificarse a cota correspondente a actividades de nova implantación durante os primeiro anos do seu exercicio, así como a creación de emprego, a utilización de enerxías renovables, a circunstancia de que a actividade gravada obteña rendementos negativos no desenvolvemento da súa actividade e, para rematar, as actividades que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego.

No Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, IVTM as bonificacións que poden establecerse van ligadas a factores medio ambientais.

No ICIO, separadamente das construcións que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal polas razóns xa coñecidas, poden bonificarse igualmente as construcións que incorporen sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar, as vinculadas aos plans de fomento de investimentos privados en infraestruturas,

as construcións relativas a VPO e, finalmente, as que favorezan as condicións e acceso dos discapacitados.

E no Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (Plusvalia), IIVTNU son susceptibles de ser bonificadas as transmisións lucrativas por causa de morte a favor de descendentes e adoptados, cónxuxes e ascendentes ou adóptante, e a transmisión de terreos sobre os que se desenvolvan actividades económicas declaradas de especial interese ou utilidade municipal.

En canto ás taxas, xa sabemos que o principio de reserva de lei opera con menos intensidade na práctica, xa que a LRFL deixa unha ampla marxe de discreción ás Ordenanzas para a súa regulación. As vixentes Ordenanzas fiscais dos distintos impostos fixeron uso con profusión destas bonificacións, aínda que ás veces cunha regulación tan confusa e suxeita a tantos condicionantes que converteron o beneficio fiscal en virtual. En concreto, todos os supostos de bonificacións vinculados á creación de emprego regúlanse nuns termos tan embarazoso que conseguiron o récord de non aplicarse nin unha soa vez.

Diciamos antes que a existencia dun beneficio fiscal, en canto prexudica á suficiencia do sistema tributario local e deixar de aplicar o principio constitucional de xeneralidade, ten que estar suficientemente xustificada xa sexa por razóns técnicas ou ben vinculadas a unha determinada política sectorial. E para iso hai que evitar que a súa regulación se converta nun misterio; debe tratarse dunha norma clara, de fácil comprensión polo contribuínte a quen se dirixe e que, polo tanto, poida ser efectivamente aplicada polo mesmo e permita cumprir as fins perseguidas coa súa introdución.

Dende a Concellaría de Facenda do Concello de Cambados optamos por incorporar todos estes beneficios fiscais potestativos nun texto único porque iso permitirá facerse unha idea de conxunto, dos beneficios repartidos polas Ordenanzas dos diferentes impostos, e levar a cabo un maior control da eficacia daqueles

Agrúpanse os beneficios fiscais que se establecen en tres grandes apartados. O primeiro deles, medidas de solidariedade social, recolle aquelas bonificacións ou incentivos que se conceden atendendo a circunstancias que reclaman o esforzo solidario do conxunto da sociedade, como poden ser as referidas ás vivendas de protección oficial, ás familias numerosas, ás situacións de discapacidade ou á protección medioambiental

Un segundo grupo de incentivos vai ligado ao impulso da actividade económica dentro. está claro, dos límites modestos que a este respecto ten a imposición municipal. O modelo polo que se opta é o dunha especie de vacacións fiscais, isto é, liberar parcialmente da carga tributaria local a aquelas actividades económicas de nova implantación durante os primeiros anos do seu funcionamento, favorecendo deste xeito a súa consolidación.

O terceiro grupo de incentivos está relacionado co fomento do emprego. Neste ámbito, en lugar de bonificacións dispersas por todas e cada unha das Ordenanzas dos distintos impostos, establécense unha serie de bonificacións fiscais vinculado á creación de emprego.

Á vista do expediente formado, a Concellería de Economía, Facenda, Comercio, Industria e Promoción Económica, propón que, previo dictame da Comisión de Facenda e Patrimonio, o Pleno da Corporación adopte os seguintes **ACORDOS** de modificación de Ordenanzas fiscais do Concello:

## 1º) MODIFICAR PARCIALMENTE A ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Neste caso acórdase modificar por unha banda o artigo 8 da ordenanza en referencia ao tipo de gravame, pasando a ser do 0,58 o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de natureza urbana ao 0,55.

Esta modificación supón unha minoración estimada nos ingresos deste imposto nas arcas municipais de 81.198,25 euros, tomando como base a recadación deste exercicio 2016, agora ben, hai que ter en conta que a Concellaría de Facenda habilitou durante este exercicio unha oficina de asesoramento ao contribuínte para declarar voluntariamente as variacións catastrais que puideran afectar aos veciños de Cambados, informando a un total de 1.405 veciños no que, segundo os datos do Concello poden estar obrigados a declarar ou alterar as declaracións existentes no censo catastral, atendendo a 964 veciños e formulándose un total de 725 declaracións voluntarias. Polo que a recadación deste tributo para o vindeiro exercicio non só se debe ter en conta a modificación que poida sufrir o diminuír o tipo de gravame, senón tamén o incremento da base impoñible ao sumar estas 725 novas declaracións voluntarias de alteración catastral emitidas polos contribuintes no censo catastral, polo que unha vez que se inclúan estas

declaracións voluntarias o incremento da base impoñible contribuirá a contrarrestar os ingresos procedentes deste imposto mesmo reducindo o tipo de gravame.

Por outra banda tamén se inclúen unha serie de Bonificacións a certos colectivos que dende a Concellaría de Facenda consideremos preciso establecer, xa que entendemos que non só se debe realizar un descenso na tributación no conxunto da cidadanía coa redución do tipo de gravame, senón que tamén se deben establecer bonificacións específicas a certos colectivos. Polo que se propón a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO**.- Modificar parcialmente a ordenanza reguladora do imposto sobre bens inmobles, nos termos que se transcriben a continuación:

***ARTIGO 8.- Tipo de gravame e contía.***

*O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no **0,55 %**.*

*O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,3%.*

*O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de características especiais queda fixado no 0,6 %*

*A cota íntegra deste Imposto será o resultado de aplicar á Base Liquidable o tipo de gravame. A cota líquida obterase minorando a cota íntegra co importe das bonificacións previstas legalmente.*

***ARTIGO 9.- Bonificacións.***

*As bonificacións de carácter rogado deberán ser solicitadas polo suxeito pasivo do imposto.*

*Con carácter xeral, o efecto da concesión de bonificacións comezará a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non poderá ter carácter retroactivo. Porén, cando o beneficio fiscal se solicita antes de que a liquidación sexa firme, concederase si na data do devindicado do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu disfrute.*

***1. Bonificación no IBI ós inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria***

*Concederase unha bonificación do 90 % na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, ós inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmobilizado.*

*O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior ó remate das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.*

*Para disfrutar desta bonificación, os interesados deberán cumprir os seguintes requisitos:*

*- Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate, a cal farase mediante certificado do Técnico Director competente das mesmas, visado polo Colexio Profesional.*

*- Acreditación de que a empresa dedicase a actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, a cal farase mediante a presentación dos estatutos da sociedade.*

*- Acreditación de que o inmoble obxecto da bonificación é da súa propiedade e non forma parte do inmobilizado, que se fará mediante copia da escritura pública ou alta catastral e certificación do administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a AEAT, a efectos do imposto sobre Sociedades.*

*- A solicitude de bonificación poderase formular dende que se poida acreditar o inicio das obras.*

*- Fotocopia do alta ou último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas.*

*A acreditación dos requisitos anteriores poderase realizar tamén mediante calquera documentación admitida en dereito.*

*Se as obras de nova construción ou de rehabilitación integral afectan a diversos solares, na solicitude detallaranse as referencias catastrais dos diferentes solares.*

***2. Bonificación no IBI das vivendas de protección oficial.***

*As vivendas de protección oficial e as equiparables a estas segundo as normas da Comunidade Autónoma, disporán dunha bonificación do 50 % durante o prazo de tres anos, contados dende o ano seguinte á data de outorgamento da calificación definitiva.*

*Esta bonificación concederase a petición do interesado, a cal poderase efectuar en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e terá efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite. Unha vez concluídos os tres períodos impositivos de bonificación obrigatoria para estes Inmobles, continuarase aplicando aos mesmos unha bonificación do 50% da cota durante tres períodos impositivos adicionais, vencidos os cales a bonificación pasará a ser do 30% da cota durante os seguintes tres períodos impositivos.*

*Para ter dereito a esta bonificación, os interesados deberán aportar a seguinte documentación:*

- *Escrito de solicitude da bonificación*
- *Fotocopia da alteración catastral.*
- *Fotocopia do certificado de cualificación de V.P.O.*

- *Fotocopia da escritura ou nota simple rexistral do inmoble (se na escritura pública non constara a referencia catastral, fotocopia do recibo do IBI do ano anterior).*

**3. Bonificación no IBI para vivendas de aluguer social.**

*Poderán ser declaradas actividades de especial interese ou utilidade pública municipal, por incorrer niso circunstancias sociais que o xustifican, as actividades de arrendamento de vivendas de aluguer social ou as incluídas no Programa Vivendas Baleiras do Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020. Estas vivendas terán dereito a unha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto daqueles inmobles que sexan obxecto de contratos de aluguer.*

*A declaración de especial interese municipal deberá ser aprobada polo Pleno do Concello de conformidade co previsto na Lei Reguladora de Facendas Locais.*

**4.Bonificación no IBI para familias numerosas.**

*1. Os suxeitos pasivos que teñan recoñecida a condición de familia numerosa, gozarán dunha bonificación da cota do Imposto sobre Bens Inmobles correspondente á súa vivenda habitual nas porcentaxes e condicións que se regulan neste artigo.*

*2. Considerarase que un inmoble constitúe a vivenda habitual do suxeito pasivo cando o mesmo teña dita consideración a efectos do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.*

*3. Para o goce efectivo desta bonificación será necesario que estean empadroados na vivenda de que se trate todos os membros integrantes da familia numerosa*

*4. Para a cualificación da condición de familia numerosa estarase ao disposto na Lei 40/2003 de Protección ás Familias Numerosas, así como ao seu desenvolvemento regulamentario polo Real Decreto 1621/2005.*

*5. A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título expedido ao efecto pola Xunta de Galicia, distinguíndose entre familias numerosas de categoría xeral e de categoría especial.*

*6. O importe da bonificación, atendendo ao valor catastral da vivenda e á categoria recoñecida á familia numerosa será o seguinte:*

| Valor Catastral en Euros | Porcentaxe de bonificación | |
|---|---|---|
| | Categoría da familia numerosa | |
| | XERAL | ESPECIAL |
| Ata 20.000 € | 75 % | 90 % |
| De 20.001 a 60.000 € | 60 % | 75 % |
| Máis de 60.000 € | 50 % | 75 % |

*7. A efectos da aplicación do cadro contido no apartado anterior, nos supostos de titularidade compartida da vivenda, atenderase ao valor catastral da vivenda, non á porcentaxe do mesmo que corresponda a cada un dos seus titulares.*

*8. En ningún caso os suxeitos pasivos integrantes dunha familia numerosa poderán ter dereito a gozar desta bonificación por máis dun inmoble.*

*9. Non terán dereito a bonificación algunha aqueles suxeitos pasivos que sexan titulares de máis de dous inmobles de uso residencial no municipio de Cambados. Tampouco terán dereito a esta bonificación aqueles suxeitos pasivos cuxos ingresos da unidade familiar superen o límite de 60.000€ anuais, incrementado en 16.000€ por cada fillo a partir do cuarto.*

*10. Esta bonificación non será compatible con outros beneficios fiscais potestativos establecidos na regulación do IBI.*

*11. Esta bonificación. unida á establecida con carácter obrigatorio para as vivendas de protección oficial durante os tres períodos impositivos seguintes á cualificación definitiva como tal, segundo o disposto no artigo 9 da Ordenanza fiscal reguladora do IBI. terá como límite máximo o 100% da cota.*

*12. A bonificación regulada neste artigo ten carácter rogado. debendo os suxeitos pasivos con dereito á mesma solicitar o seu recoñecemento. A solicitude deberá acompañarse do título oficial acreditativo da condición de familia numerosa. expedido pola Xunta de Galicia, así como, no seu caso, dunha autorización expresa a Asuntos Sociais para consultar os datos respecto diso existentes na base de datos da Xunta de Galicia*

***5. Bonificación no IBI para inmobles nos que se instalen sistemas de aproveitamento da enerxía solar.***

*1. Terán dereito a unha bonificación do 20% da cota integra do IBI, os inmobles de uso residencial nos que se instalaron sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar. Dita bonificación aplicarase exclusivamente ao periodo impositivo seguinte á instalación de tales sistemas.*

*2. Terán dereito a unha bonificación do 10% da cota integra do IBI, os inmobles de uso residencial nos que se instalaron sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar nos períodos impositivos seguintes ao primeiro ano de devandita instalación e mentres conserve a homologación da Administración competente.*

*3. A aplicación da bonificación estará condicionada a que as instalacións para a produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente. O cumprimento destes extremos deberá quedar acreditado mediante informe de idoneidade enerxética expedido por técnicos municipais.*

*4. Só darán dereito á bonificación aquelas instalacións que se realizaron ao amparo da correspondente licenza municipal.*

*5. Esta bonificación ten carácter rogado, debendo solicitarse o seu recoñecemento, acompañando o mencionado informe de idoneidade enerxética*

**6. Bonificación para Cooperativas**

*Terán dereito a unha bonificación do 95% da cota integra os bens de natureza rústica das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.*

**7. Bonificación IBI para o sector Primario**

*1. Establécese unha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles de natureza rústica nos que se desenvolvan actividades económicas do sector primario (viticultura, sector lácteo, cárnico, horticultura...) declarado no Concello de Cambados de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifican tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.*

*2. Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de inmobles de natureza rústica nos que se desenvolvan actividades económicas do sector primario terán que acreditar estar dados de alta en facenda nunha actividade económica do sector primario mediante declaración censual; ben ser socios dunha cooperativa agrícola, vitivinícola ou gandeira; ou ben ser viticultores pertencentes a denominación de orixe Rías Baixas.*

**8. Bonificación IBI por inicio de actividade.**

*1.-Terán dereito a unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto os 3 primeiros anos de actividade aqueles inmobles nos que se inicien ou xa se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego e/ou sociais que xustifiquen tal declaración, e que, inicien o desenvolvemento dunha actividade económica, xa sexa empresarial, profesional ou artística, dentro do termo municipal de Cambados. A redución afectará exclusivamente ao imposto devindicado polos locais nos que se inicie o desenvolvemento das novas actividades.*

*2.-Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros, realizándose a tramitación previa ao Pleno por parte da Concellaría de Facenda.*

*3.-A aplicación da redución requirirá que a actividade económica non se exercera anteriormente baixo outra titularidade nese local. Entenderase que a actividade se exerceu anteriormente baixo outra titularidade, entre outros, nos supostos de fusión, escisión ou achega de ramas de actividade, así como nos casos de constitución de sociedades para o desenvolvemento de actividades exercidas a título individual por un ou varios dos socios que ostenten o control das mesmas. Tampouco se entenderá iniciado o*

*exercicio dunha actividade cando a mesma xa viñese desenvolvéndose por outra entidade do mesmo grupo no sentido do artigo 42 do Código de Comercio*

*4.-Para a concesión de dita bonificación deberán concorrer, en todo caso, os seguintes requisitos:*

*-A solicitude de declaración de especial interese ou utilidade pública municipal por fomento do emprego e/ou sociais, deberá realizarse unha vez iniciada a actividade da explotación económica en Cambados, debendo acompañarse á mesma documentación acreditativa de que se cumpran os requisitos previstos no presente apartado. Obtida, no seu caso, tal declaración, o goce deste beneficio fiscal queda condicionado ao mantemento dos requisitos previstos no presente artigo, mediante o procedemento de revisión regulado no apartado 5.*

*-O suxeito pasivo do Imposto haberá de ser, necesariamente, o titular da explotación económica que se desenvolva no Inmoble sito en Cambados e para a que se solicita a declaración de especial interese ou utilidade municipal por fomento de emprego e/ou sociais.*

*-O goce definitivo deste beneficio fiscal quedará condicionado, así mesmo, á permanencia en activo dos centros de traballo situados en Cambados, durante o período ao que se aplique a presente bonificación. O suxeito pasivo deberá atoparse ao corrente no pago dos tributos locais e das cotas correspondentes á Seguridade Social. No caso de actividades xa existentes en Cambados, ou de traslado das mesmas, haberá de xustificarse que no ano anterior á solicitude non houbo diminución de persoal no centro de traballo para o cal se solicita a bonificación, nin con motivo do traslado. Pola súa banda, anualmente, deberá xustificarse que non se produciu diminución do persoal no centro de traballo situado no inmoble obxecto de bonificación. Esta bonificación non será compatible coa aplicación das outras bonificacións fiscais do imposto, reguladas na presente Ordenanza Fiscal.*

*5. O Departamento de Recadación do Concello de Cambados comprobará anualmente, mediante o previo requirimento da oportuna documentación, que se mantiveron os requisitos esixidos para a bonificación prevista no presente artigo. En caso de non constatarse o cumprimento dos mesmos, deixará de fornecer efectos o Acordo de declaración da bonificación.*

***9. Bonificación IBI por implantación no Polígono Industrial de Sete Pías.***

*1.-Terán dereito a unha bonificación do 60% da cota íntegra do imposto os 5 primeiros anos de actividade aqueles inmobles nos que se inicien ou xa se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego e/ou sociais que xustifiquen tal declaración, e que, especificamente, se realicen no Polígono Industrial de Sete Pías.*

*2.-Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros, realizándose a tramitación previa ao Pleno por parte da Concellaría de Facenda.*

*3. Para a concesión de dita bonificación deberán concorrer, en todo caso, os seguintes requisitos:*

*-A solicitude de declaración de especial interese ou utilidade pública municipal por fomento do emprego e/ou sociais, deberá realizarse unha vez iniciada a actividade da explotación económica no Polígono Industrial de Sete Pías, debendo acompañarse á mesma, documentación acreditativa de que se cumpran os requisitos previstos no presente apartado. Obtida, no seu caso, tal declaración, o goce deste beneficio fiscal queda condicionado ao mantemento dos requisitos previstos no presente artigo, mediante o procedemento de revisión regulado no apartado 4.*

*-O suxeito pasivo do Imposto haberá de ser, necesariamente, o titular da explotación económica que se desenvolva no Inmoble sito no Polígono Industrial de Sete Pías e para a que se solicita a declaración de especial interese ou utilidade municipal por fomento de emprego e/ou sociais.*

*-O goce definitivo deste beneficio fiscal quedará condicionado, así mesmo, á permanencia en activo dos centros de traballo situados no Polígono Industrial de Sete Pías durante o período ao que se aplique a presente bonificación. O suxeito pasivo deberá atoparse ao corrente no pago dos tributos locais e das cotas correspondentes á Seguridade Social. No caso de actividades xa existentes no Polígono Industrial de Sete Pías, ou de traslado das mesmas para a súa localización en devandita zona, haberá de xustificarse que no ano anterior á solicitude non houbo diminución de persoal no centro de traballo para o cal se solicite a bonificación, nin con motivo do traslado. Pola súa banda, anualmente, deberá xustificarse, que non se produciu diminución do persoal no centro de traballo situado no inmoble obxecto de bonificación. Esta bonificación, non será compatible coa aplicación das outras bonificacións fiscais do imposto, reguladas na presente Ordenanza Fiscal.*

*4. O Departamento de Recadación do Concello de Cambados comprobará anualmente, mediante o previo requirimento da oportuna documentación que se mantiveron os requisitos esixidos para a bonificación prevista no presente artigo. En caso de non constatarse o cumprimento dos mesmos, deixará de fornecer efectos o Acordo de declaración da bonificación.*

***10. Bonificación do IBI por creación de emprego.***

*1. Terán dereito a unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto aqueles inmobles nos que se realicen actividades económicas nas que se incrementen o seu persoal medio correspondente ao exercicio 2016, respecto do seu persoal medio durante 2015 e se*

*desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego e/ou sociais que xustifiquen tal declaración.*

*2. A efectos do cálculo do persoal medio terase en conta o seguinte:*

*a. O cálculo irá referido exclusivamente aos traballadores empregados en centros de traballo da empresa situados no municipio de Cambados.*

*b. Para o cálculo do persoal medio e do seu incremento tomaranse as persoas empregadas, nos termos que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa.*

*c. Non procederá a estimación do incremento se durante 2015 non se exerceu a actividade, como mínimo, durante os últimos seis meses do ano.*

*d. Canto aos traballadores incorporados pola empresa durante 2016, para o cómputo do persoal medio correspondente a devandito exercicio, só se terán en conta aos traballadores con contrato indefinido.*

*3. En Xaneiro de 2017, os titulares de actividades económicas con dereito a este incentivo solicitarán o seu recoñecemento a Concellaría de Facenda, debendo aportar toda a documentación que lle sexa requirida por esta. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros, realizándose a tramitación previa ao Pleno por parte da Concellaría de Facenda.*

*4. Para a concesión de dita bonificación deberán concorrer, en todo caso, os seguintes requisitos:*

*-A solicitude de declaración de especial interese ou utilidade pública municipal por fomento do emprego e/ou sociais, deberá realizarse unha vez iniciada a actividade da explotación económica, debendo acompañarse á mesma, documentación acreditativa de que se cumpran os requisitos previstos no presente apartado. Obtida, no seu caso, tal declaración, o goce deste beneficio fiscal queda condicionado ao mantemento dos requisitos previstos no presente artigo mediante o procedemento de revisión regulado no apartado 3*

*-O suxeito pasivo do Imposto haberá de ser, necesariamente, o titular da explotación económica que se desenvolva no Inmoble e para a que se solicita a declaración de especial interese ou utilidade municipal por fomento de emprego e/ou sociais.*

*-O goce definitivo deste beneficio fiscal quedará condicionado, así mesmo, á permanencia en activo dos centros de traballo, durante o período ao que se aplique a presente bonificación. O suxeito pasivo deberá atoparse ao corrente no pago dos tributos locais e das cotas correspondentes á Seguridade Social. Esta bonificación, non será compatible coa aplicación das outras bonificacións fiscais do imposto, reguladas na presente Ordenanza Fiscal.*

***DISPOSICIÓN FINAL.-***
*A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2017, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.*

**SEGUNDO**.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello por prazo de trinta dias hábiles, publicando o anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia. Durante o prazo de exposición pública do expediente os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

**TERCEIRO**.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2º) MODIFICAR PARCIALMENTE A ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.

Neste caso acórdase modificar as bonificacións existentes incrementando o número de casos nos que se poden aplicar as mesmas, tendo en conta a drástica redución deste tributo nestes últimos anos entendemos que este tipo de bonificacións poden incrementar o numero de expedientes e a vez manter os ingresos deste imposto. Polo que se propón a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO**.- Modificar parcialmente a ordenanza reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, nos termos que se transcriben a continuación:

*ARTIGO 7.- Bonificacións.*

***1. Bonificación no ICIO a favor das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal***
*1. En virtude do artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase unha bonificación do 95% a favor das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer*

*circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.*

*2. A bonificación ás que fan referencia neste apartado anterior deste artigo terán carácter rogado, e será necesaria a acreditación do suxeito pasivo de estar incurso no suposto establecido, presentando a documentación demostrativa do mesmo.*

**2. Bonificación no ICIO das obras relativas a VPO.**

*1. Terán dereito a unha bonificación do 50% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, as obras de nova planta relativas á construción de vivendas de protección oficial. A bonificación estenderase tamén á construción de garaxes e faiados cando estean vinculados en proxecto ás vivendas.*

*2. A bonificación será aplicada polo suxeito pasivo ao presentar a declaración-liquidación do imposto á que se refire o apartado 1 do artigo 9 da Ordenanza fiscal reguladora do ICIO, sempre que estivese en posesión da cualificación provisional das obras*

*3. Sen prexuízo da facultade da Concellaría de Facenda de comprobar a procedencia do beneficio na autoliquidación presentada polo suxeito pasivo, o goce efectivo da bonificación quedará condicionado á obtención da cualificación definitiva das obras. Se esta última fose denegada, incrementarase a liquidación definitiva do imposto á que fai referencia o artigo 6 da Ordenanza fiscal do ICIO no importe da bonificación aplicada na autoliquidación inicial a conta.*

*4.- Esta bonificación aplicarase sobre a cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren os parágrafos anteriores.*

**3. Bonificación no ICIO para as obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade para persoas con discapacidade.**

*1. Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, as actuacións que teñan por obxecto exclusivo favorecer as condicións de acceso e habitabilidade das persoas con discapacidade*

*2. No suposto de construcións de nova planta que, con arranxo á lexislación vixente, incorporen actuacións dirixidas a facilitar o acceso e a habitabilidade das persoas con discapacidade, non habera dereito a bonificación algunha sobre a parte da cota do imposto correspondente a tales actuacións.*

*3. Non será aplicable esta bonificación nos supostos nos que a construción, instalación ou obra gozase dunha subvención pública ou privada por un importe superior ao 50% do custo real e efectivo daquela.*

*4. A bonificación será aplicada polo suxeito pasivo ao presentar a declaración-liquidación do imposto á que se refire o apartado 1 do artigo 5 da Ordenanza fiscal reguladora do ICIO.*

*5. Sen prexuízo da facultade da Concellaría de Facenda de comprobar en calquera momento a procedencia da bonificación aplicada polo suxeito pasivo na súa autoliquidación a conta. con ocasión da liquidación definitiva á que se refire o artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora do ICIO, examinarase en todo caso a procedencia da bonificación, procedéndose. se fose necesario, a regularizar a situación.*

*6.- Esta bonificación aplicarase sobre a cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren os parágrafos anteriores*

***4. Bonificación no ICIO para as obras de edificación de inmobles destinados a acoller colectivos de especial atención.***

*1. Terán dereito a unha bonificación do 95% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras. as actuacións que teñan por obxecto exclusivo a construción de nova planta. ou a rehabilitación ou reforma dunha edificación existente, para acoller colectivos de especial atención, tales como discapacitados, vítimas de violencia de xénero, toxicómanos, inmigrantes etc.*

*2. Para que opere a presente bonificación, as construcións ou obras deben ser declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.*

*3. Non será aplicable esta bonificación nos supostos nos que a construción, instalación ou obra gozase dunha subvención pública ou privada por un importe superior ao 80% do custo real e efectivo daquela.*

*4. A bonificación será aplicada polo suxeito pasivo ao presentar a declaración liquidación do imposto á que se refire o apartado 1 do artigo 5 da Ordenanza fiscal reguladora do ICIO.*

*5. Sen prexuízo da facultade da Concellaría de Facenda de comprobar en calquera momento a procedencia da bonificación aplicada polo suxeito pasivo na súa autoliquidación a conta. con ocasión da liquidación definitiva á que se refire o artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora do ICIO. examinarase en todo caso a procedencia da bonificación. procedéndose. se fose necesario, a regularizar a situación.*

*6.- Esta bonificación aplicarase sobre a cota resultante de aplicar. no seu caso. as bonificacións a que se refiren os parágrafos anteriores*

***5. Bonificación no ICIO para obras de rehabilitación de edificios con protección Integral dentro do Plan Especial do Conxunto Histórico de Cambados .***

*1. Terán dereito a unha bonificación do 95% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, as actuacións de rehabilitación de edificios protexidos con niveis de protección Integral, que poidan encadrarse nos conceptos de reforma menor, definidas no Texto Plan Especial do Conxunto Histórico de Cambados, coa condición de que se actúe na totalidade da edificación, e cuxo obxectivo sexa a recuperación e posta en valor do edificio, conservando os elementos de interese que veñan establecidos nas fichas patrimoniais do plan especial.*

*2. Non gozará de bonificación algunha a parte do custo das obras que se financie con algunha subvención pública ou privada.*

*3. Esta bonificación quedará condicionada a que o Pleno da Corporación, por voto favorable da maioría simple dos seus membros, declare as obras como de especial interese ou utilidade municipal, conforme ao previsto no artigo 103.2.a) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

*4.- Esta bonificación aplicarase sobre a cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren os parágrafos anteriores*

***6. Bonificación no ICIO para construcións que incorporen sistemas de aproveitamento da enerxía solar.***

*1. Terán dereito a unha bonificación do 25% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, as actuacións que teñan por obxecto exclusivo incorporar sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para o autoconsumo.*

*2. Para ter dereito á bonificación regulada neste artigo, deberán cumprir os seguintes requisitos:*

*a. As instalacións de xeración de enerxía eléctrica con enerxía solar deberán dispoñer da correspondente homologación por parte da Administración competente, cuxo extremo deberá ser acreditado mediante informe de idoneidade enerxética expedido por técnicos municipais.*

*b. Os custos das obras ou instalacións para a incorporación dos sistemas de aproveitamento eléctrico da enerxía solar deberán estar detallados no orzamento de execución material da construción, instalación ou obra.*

*3. A bonificación será aplicada polo suxeito pasivo ao presentar a declaración-liquidación do imposto á que se refire o apartado 1 do artigo 5 da Ordenanza fiscal reguladora do ICIO*

*4. Sen prexuízo da facultade da Concellaría de Facenda de comprobar en calquera momento a procedencia da bonificación aplicada polo suxeito pasivo na súa autoliquidación a conta, con ocasión da liquidación definitiva á que se refire o artigo 6 da*

*Ordenanza fiscal reguladora do ICIO. examinarase en todo caso a procedencia da bonificación, procedéndose, se fose necesario, a regularizar a situación.*
*5.- Esta bonificación aplicarase sobre a cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren os parágrafos anteriores*

***DISPOSICIÓN FINAL.-***
*A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2017, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.*

**SEGUNDO**.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello por prazo de trinta días hábiles, publicando o anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia. Durante o prazo de exposición pública do expediente os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

**TERCEIRO**.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**3º) MODIFICAR PARCIALMENTE A ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.**

Neste caso acórdase modificar as bonificacións existentes incrementando o numero de casos nos que se poden aplicar as mesmas.Tendo en conta a situación de crise económica dos últimos anos entendemos que este tipo de bonificacións poden incrementar o numero de empresas e á vez manter os ingresos deste imposto Polo que se propón a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO**.- Modificar parcialmente a ordenanza reguladora do imposto sobre actividades económicas. nos termos que se transcriben a continuación:

***ARTIGO 8. Bonificacións.***

*Sobre a cota do imposto aplicarase en todo caso as seguintes bonificacións:*

***1. Bonificación ás Cooperativas***

*Unha bonificación do 95 % ás Cooperativas, así como ás Unións, Federacións e Confederacións das mesmas e ás Sociedades Agrarias de Transformación, en virtude do establecido na Lei 20/1990, de 18 de decembro. sobre Réxime Fiscal das Corporacións.*

***2. Bonificación Inicio de Actividade***

*Unha bonificación do 50 % da cota correspondente. para quen inicie o exercicio de calquera actividade profesional, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento da mesma. O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos dende a finalización da exención prevista no artigo 83.1.b) da Lei 39/1988*

***3.Bonificación no IAE por inicio de actividade sostible e ecolóxica.***

*1. Unha Bonificación do 50% da taxa correspondente aos contribuíntes que pagan imposto municipal e usan ou producen enerxía a partir de instalacións para uso de sistemas de enerxía e coxeración renovables.*

